

# Plan de Igualdade



**IES PLURILINGÜE  
CASTRO DA UZ**

Redactado durante o curso académico 2019-2020  
Avaliado polo Consello Escolar o 19 de decembro de 2019

## Contido

1. Introducción.....	3
2. Contextualización normativa e do centro. ....	3
2.1. Marco normativo .....	3
2.1.1.  Ámbito Europeo .....	3
2.1.2.  Ámbito estatal .....	3
2.1.3.  Ámbito autonómico.....	4
2.2. Documentos de centro .....	5
3. Diagnose do centro en relación coa igualdade dexénero e as violencias machistas	6
3.1.1.1.  Orientación persoal, escolar e profesional .....	7
3.1.1.2.  Organización e convivencia.....	8
3.1.1.3.  Curricular .....	8
3.1.1.4.  Linguaxe sexista: .....	9
3.1.1.5.  Práctica docente .....	9
4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:.....	12
4.1.  Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.....	12
4.2.  Prevenção, detección e intervención en casos de violenciade xénero. ....	12
4.3.  Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual. ....	13
4.4.  Prevenção, detección e intervención en casos deLGBTIfobia.....	13
5. Relación de actuacións concretas .....	14
6. Seguimento e avaliación.....	28

# 1. Introducción.

Este Plan de Igualdade ofrece pautas para a promoción da igualdade de xénero, a coeducación e a prevención da violencia de xénero nos centros educativos, incorporando de forma integrada e transversal a perspectiva de xénero en todas as actuacións do centro. Establece medidas e actuacións concretas para continuar profundizando, dende unha perspectiva de xénero, nos Plans de centro, nos materiais e no currículo; na aprendizaxe, a formación e a implicación de toda a comunidade educativa; na promoción de accións de prevención da violencia de xénero.

## 2. Contextualización normativa e do centro.

### 2.1. Marco normativo

#### 2.1.1. Ámbito Europeo

- Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015.

#### 2.1.2. Ámbito estatal

- Constitución Española de 1978 (artigos 9.2 e 14)
- Real Decreto 1686/2000, de 6 de outubro, polo que se crea o Observatorio de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes
- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei 3/2007, de 15 de marzo, reguladora de la rectificación rexistral da meción relativa ao sexo das persoas
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)

### 2.1.3. Ámbito autonómico

- Estatuto de Autonomía de Galicia (1981)
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. “Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre mulleres e homes”
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (2016)


## 2.2. Documentos de centro

Ao longo destes últimos anos xa se viña traballando en temáticas relacionadas coa igualdade de xénero aínda que non existía un protocolo de igualdade. Nos documentos principais do centro aparece citado da seguinte maneira:


- No **Proxecto Educativo do centro**, elaborado polo actual equipo directivo, no apartado “*adecuación dos obxectivos ao contexto socioeconómico e cultural e ao alumnado*”, fálase de favorecer a convivencia, a igualdade e o respecto evitando a transmisión, directa ou indirecta, dos estereotipos dos papeis das mulleres e dos homes, en todas as actividades do centro.
- Nas **Normas de Organización e Funcionamento** un dos dereitos básicos de convivencia do alumnado é: Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- No **Plan de convivencia**, un dos seus fins é a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas. Dentro dos seus obxectivos específicos figura a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos entre homes e mulleres e na non discriminación das persoas, así como avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade. Por todo elo considéranse unha conduta gravemente prexudicial para a convivencia os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de sexo ou orientación sexual.

### 3. Diagnose do centro en relación coa igualdade de xénero e as violencias machistas

Nas seguintes gráficas podemos observar a relación entre homes e mulleres nos diferentes estamentos do centro no curso académico 2019-2020, alumnado e profesorado:



A continuación amósase a representación de profesorado e alumnado nos diferentes órganos de decisión do centro así como o rexistro de condutas contrarias á convivencia rexistradas nos últimos dous cursos académicos:



## 3.1. Antecedentes

A situación de partida do centro é bastante positiva debido ao alumnado que hai matriculado, xa que non se observan condutas violentas que dificulten a igualdade de xénero, levándose a cabo unha convivencia pacífica maioritariamente. No caso de que se rexistren condutas contrarias á convivencia, cubrimos os pertinentes partes de incidencias, actuando segundo ao establecido nas Normas de Organización e Funcionamento do centro, ademais de intentar reflexionar co alumnado sobre esa forma de actuar e as súas consecuencias dentro da comunidade educativa.

Dende dirección e dende orientación se está a dirixir a formación dun grupo de alumnado mediador, que tome forza na resolución de todo tipo de conflito.

Si se observan condutas contrarias á convivencia en igualdade “micromachismos”, moi interiorizados por boa parte do alumnado e incluso por parte do profesorado.

### 3.1.1. Diagnose por ámbitos

Atendendo aos diferentes ámbitos de análise, podemos realizar unha diagnose máis detallada:

#### 3.1.1.1. Orientación persoal, escolar e profesional

- Aínda que cada vez é maior o interese do profesorado por recibir formación en Intelixencia emocional e en Igualdade, aínda se percibe como insuficiente a formación nestes ámbitos.
- Non existe un traballo profundo de estudo en común entre todo o claustro, que se centre no aspecto máis empático, emocional, no modelo que debemos ser para o alumnado.
- En relación á orientación profesional do alumnado, seguen a detectarse moi poucas vocacións cara a profesións técnicas por parte das alumnas.
- Os roles de xénero están aínda moi interiorizados, polo que será preciso traballar neste aspecto dende os cinco ámbitos especificados.
- Detéctanse moi poucas vocacións profesionais cara a estudos técnicos por parte das rapazas.

### 3.1.1.2. Organización e convivencia

- Soe darse unha proporción similar de homes/mulleres entre o equipo directivo e o total do claustro que, no caso do noso centro está moi igualada.
- As xefaturas de departamento son maioritariamente de mulleres.
- Existe un reparto equilibrado de delegadas e delegados.
- Neste momento todas as representantes do alumnado no Consello escolar son nenas, aínda que outro anos está máis equilibrado.
- Na ANPA só hai presenza de nais e no día a día, nas diferentes actividades nas que se requira presenza das familias, só participan as nais.
- Agás no ciclo de Electromecánica de vehículos (no que tan só hai alumnos e profesoras), a proporción entre profesoras e profesores é similar en todos os departamentos.
- Tense en conta un reparto equilibrado de nenas e nenos á hora de dividir os grupos aula.
- Nas actividades extraescolares non se utiliza segregación por xénero.
- Hai diferencias nos espazos escollidos polo alumnado nos tempos de lecer e non soen mezclarse para xogar ou falar:
  - Nenos: pista de fútbol, espazos apartados (rampa traseira), fútbolín, ping pong
  - Nenas: bancos, hall, biblioteca
- Os conflitos entre nenos soen ser físicos, mentres que entre as nenas é máis habitual que sexan verbais.

### 3.1.1.3. Curricular

- No currículo detéctase un desequilibrio moi evidente entre a porcentaxe de personaxes masculinos e femininos aos que se fai referencia
- Existe un contido machista implícito no currículo e en comportamentos que socialmente temos interiorizados.
- Necesidade de profundizar no rol da muller e do home nas tarefas da casa, no cine, na publicidade, nas redes sociais,..., na aula,...



#### 3.1.1.4. Linguaxe sexista:

- A documentación xerada dende a dirección do centro está moi coidada, tentando utilizar unha linguaxe inclusiva.
- É preciso revisar programacións, avaliacións e demais documentos realizados polo profesorado do centro para comprobar que utilizan unha linguaxe inclusiva.
- O alumnado soe utilizar o termo masculino como xenérico tanto na fala como na escrita.
- Parte do profesorado aínda que na comunicación escrita fai uso dunha linguaxe inclusiva, na comunicación oral non ten aínda interiorizado o seu uso.
- É preciso revisar sinalización das estancias do centro, posto que pode quedar aínda restos de linguaxe masculinizado.
- Nos murais, exposicións,... sóese coidar a linguaxe, aínda que é preciso prestar máis atención.

#### 3.1.1.5. Práctica docente

- Nos ciclos formativos é moi habitual que o alumnado traballe en grupo, pero na ESO, quizáis sexa necesario fomentalo máis dentro da aula, co fin de realizar traballos que impliquen grupos inclusivos e heteroxéneos.
- Sería preciso compartir de forma máis habitual as metodoloxías de traballo empregadas polo profesorado.

### 3.1.2. Accións desenvolvidas ata o de agora

A día de hoxe podemos citar algunhas das accións que se están a levar a cabo relacionadas coa igualdade de xénero:

- Nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar, trátase de Cristina Díaz Busch.
- Emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria en toda a documentación que xera a dirección do centro.
- Activación dos protocolos establecidos pola Consellería de Educación ante calquera situación contraria ás normas de convivencia.
- Realización de actividades de conmemoración do 25 de novembro e 8 de marzo.
- Realización de outras actividades organizadas polos departamentos de Orientación e Vicedirección en datas significativas: día escolar da non violencia e da paz, celebración do día internacional da nena e da ciencia.
- Charlas sobre educación afectivo-sexual e sobre o uso das redes sociais.
- Realización de actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos que promocionan a igualdade entre mulleres e homes e que favorecen a integración do alumnado, superando estereotipos establecidos na sociedade a través de:
  - ANPAS, como a Escola de pais/nais, cursos relacionados coa igualdade e a violencia de xénero, así como de diversidade afectivo-funcional.
  - Participación na Mesa de coordinación local co fin de fomentar o debate sobre accións que se están desenvolvendo no ámbito da igualdade, favorecer a implicación das familias en talleres de comunicación familiar que están a traballar no ámbito da igualdade
  - Iniciar a análise de posibilidade de ofertar unha materia de libre configuración autonómica que aborde a perspectiva de xénero na ESO.
  - En titorías traballar a perspectiva de xénero dende a orientación académica e profesional a través de feiras, visitas, obradoiros, etc.
  - Plan director, acoso escolar e violencia de xénero

- Estudo da participación do alumnado en intervención sociocomunitaria, voluntariado de mediación, charlas de saúde mental, e charlas para o alumnado na súa diversidade étnica.

### 3.1.3. Recursos cos que conta o centro este curso escolar:

- O equipo responsable do desenvolvemento do Plan de Igualdade está formado por 7 persoas (Equipo directivo, Orientación e responsable de Pedagogía Terapéutica (PT)).
- Este equipo está apoiado tanto por Claustro como por ANPA Ronsel e Abrente (Asociación de ANPAS das Pontes).
- Conta coa colaboración do Concello das Pontes.
- Existe unha persoa responsable de Igualdade escollida en Consello escolar.
- Aportación económica da Consellería de Educación, para dotación de material bibliográfico materia de Igualdade-Pacto de Estado (350€)
- Aportación económica da Consellería de Educación, destinada a Gastos de desenvolvemento de accións relativas a Plan de Igualdade (900€)
- Aportación de 1000€ reservados do orzamento do centro e destinados a accións relativas ao Plan de Igualdade.
- Horas de Formación permanente do profesorado para a elaboración do Plan de Igualdade.

## 4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:

O plan de igualdade basearase nos principios de valores democráticos, transversalidade, inclusión, igualdade de oportunidades e visibilidade.

### 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no día a día a través da nosa práctica docente.
- Garantir a igualdade de oportunidades no ámbito escolar e na orientación académica e profesional.
- Fomentar a representación equilibrada de nenos e nenas nas aulas.
- Garantir a integración transversal da incorporación da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa do centro.
- Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais didácticos inclusivos e coeducativos.
- Visibilizar e eliminar os estereotipos que persistan na sociedade respecto dos ámbitos de realización persoal e profesional e promover no alumnado unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero

### 4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Fomentar a reflexión sobre o papel da muller e do home nun entorno igualitario.
- Actuar en situacións de acoso e violencia de xénero tanto no ámbito escolar como familiar.
- Fornecemento de programas e materiais sobre a socialización preventiva da violencia de xénero.

- Facilitar orientacións que permitan a prevención e detección precoz daquelas condutas que se integran no gradiente da violencia de xénero (control, acoso, abuso, etc).
- Actividades de sensibilización, información, formación e intervención de toda a comunidade educativa en ambientes de socialización cibernéticos (redes sociais, mensaxería instantánea, videoxogos en liña, etc.)

#### 4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Educar na igualdade, afastándonos de estereotipos, prexuízos e discriminacións por razóns de sexo ou orientación sexual.
- Velar para que o noso centro, transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes.
- Fomentar a corresponsabilidade.
- Colaboración con axentes externos socio-educativos e de formación en materia de saúde, para a abordaxe integral da saúde afectivo-sexual entre todos os axentes educativos.

#### 4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

- Educar no respecto á diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Utilizar termos neutros que favorezan unha maior visibilidade da diversidade sexual, non presupondo a sexualidade do alumnado ou de calquera membro da comunidade educativa.
- Establecer mecanismos confidenciais e efectivos para informar e responder ao acoso escolar por homofobia e transfobia.
- Apoio ao alumnado vítima de violencia de xénero ou LGBTIfobia e ás persoas que vivan nos seus fogares esta situación. Traballarase en contacto con servizos sociais do concello.

## 5. Relación de actuacións concretas

### PLAN DE IGUALDADE

1. Eixes estratéxicos: tras a diagnose da situación de igualdade no noso centro, organizada en base a unha proposta de ámbitos, identificamos os ámbitos prioritarios como os eixes estratéxicos do noso plan de centro.
2. Obxectivo estratéxico: para cada un dos eixes estratéxicos enunciámos un gran obxectivo xeral relacionado coas cuestións prioritarias nese ámbito
3. Obxectivos operativos: para cada obxectivo estratéxico, nomearemos obxectivos operativos, vencellados ás accións concretas deseñadas para cada ámbito

EIXE ESTRATÉXICO 1	<b><i>Orientación</i></b>					
Obxectivo estratéxico	<b>Integrar o principio de igualdade entre mulleres e homes na práctica educativa, dando pasos cara unha escola coeducativa</b>					
Obxectivos operativos	Accións	Temporalización	Recursos necesarios	Responsable(s) da súa execución	Descrición	Indicador(es) de logro
<b>1.1 Desenvolver accións formativas para o conxunto do profesorado sobre igualdade de xénero e intelixencia emocional</b>	1.1.1 Curso Formación en Intelixencia e axilidade emocional	Setembro 2020	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cefore</li> <li>• Formador ou formadora neste ámbito</li> </ul>	Dirección e Orientación	Curso voluntario de Formación do profesorado en Intelixencia e axilidade emocional, antes do comezo do curso 2020-2021	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a formación?</li> <li>• Num. Persoas (mulleres e homes)</li> <li>• Grao satisfacción (1-5)</li> </ul>
	1.1.2 Grupo de traballo Plan de Igualdade para profesorado	Outubro-décembro 2020	Colaboración con CEFORE para organización de sesións formativas presenciais e en rede	Dirección e Orientación	Programa de formación permanente do profesorado para a preparación do Plan de Igualdade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a formación?</li> <li>• Num. Persoas (mulleres e homes)</li> <li>• Num. horas</li> <li>• Grao satisfacción (1-5)</li> </ul>
	1.1.3 Recopilación material coeducativo	Ao longo de todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recursos web</li> <li>• Consellería Educ.</li> </ul>	Orientación	Dende Orientación facilítase material ás persoas titoras.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Núm documentos</li> <li>• Grao satisfacción (1-5)</li> </ul>

EIXE ESTRATÉXICO 1	<b>Orientación</b>					
Obxectivo estratéxico	<b>Integrar o principio de igualdade entre mulleres e homes na práctica educativa, dando pasos cara unha escola coeducativa</b>					
Obxectivos operativos	Accións	Temporalización	Recursos necesarios	Responsable(s) da súa execución	Descrición	Indicador(es) de logro
<b>1.2 Traballar co alumnado na reflexión sobre os roles de xénero por medio de actividades extracurriculares</b>	1.2.1 Obradoiros para traballar roles de xénero	Febreiro 2020	Estudo económico taller con varias persoas formadoras	Vicedirección, Orientación	Obradoiros identificación e sensibilización dos roles de xénero para alumnado de ESO e Ciclos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a formación?</li> <li>• Num. Persoas (mulleres e homes)</li> <li>• Grao satisfacción por idade (1-5)</li> </ul>
	1.2.2 Gymcana da Igualdade	30 de marzo de 2020	<ul style="list-style-type: none"> <li>• ANPA Ronsel</li> <li>• Abrente</li> <li>• Profesorado voluntario</li> </ul>	Vicedirección e Orientación	Gymcana de actividades domésticas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a actividade?</li> <li>• Num. Persoas (mulleres e homes)</li> <li>• Grao satisfacción por idade (1-5)</li> </ul>
	1.2.3 Programación teatral (Programa Promoción da Igualdade)	Todos os anos arredor de dúas datas sinaladas: • 25 de novembro • 8 de marzo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• ANPA Ronsel</li> <li>• Abrente</li> <li>• Profesorado voluntario</li> </ul>	Vicedirección e Orientación	Asistencia á representacións teatrais con temática de Igualdade como "Marcela e Elisa" (Compañía A Panadaría) e "Chola a it girl". (Alumnado ESO e FPBásica)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a actividade?</li> <li>• Num. Persoas (mulleres e homes)</li> <li>• Grao satisfacción por idade (1-5)</li> </ul>
	1.2.4 Monólogo teatral "Non só doen os golpes"	Marzo-abril 2020	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Servizos Sociais Concello</li> <li>• CEFORE</li> </ul>	Vicedirección e Orientación	Monólogo que desenvolve Pamela Palenciano a partir dunha experiencia vivida hai anos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a actividade?</li> <li>• Num. Persoas (mulleres e homes)</li> <li>• Grao satisfacción por idade (1-5)</li> </ul>

EIXE ESTRATÉXICO 1	<b>Orientación</b>					
Obxectivo estratéxico	<b>Integrar o principio de igualdade entre mulleres e homes na práctica educativa, dando pasos cara unha escola coeducativa</b>					
Obxectivos operativos	Accións	Temporalización	Recursos necesarios	Responsable(s) da súa execución	Descrición	Indicador(es) de logro
<b>1.2 Traballar co alumnado na reflexión sobre os roles de xénero por medio de actividades extracurriculares</b>	1.2.5 Obradoiros sexualidade	Anuais	Estudo económico taller con varias persoas formadoras	Vicedirección, Orientación	Obradoiros para ESO e FPBásica. Formación sexual, roles, etiquetas, boas prácticas...	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a formación?</li> <li>• Num. Persoas (mulleres e homes)</li> <li>• Grao satisfacción por idade (1-5)</li> </ul>
	1.2.6 Estudo do uso da linguaxe sexista na música	Febreiro-maio 2021	Estudo económico obradoiro con Banda música Las Antonias	Vicedirección, Departamento de Música	Obradoiros para ESO, FPBásica e Ciclos formativos. Estudo das letras sexistas da música ao longo da Historia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a actividade?</li> <li>• Num. Persoas (mulleres e homes)</li> <li>• Grao satisfacción por idade (1-5)</li> </ul>
	1.2.7 Concerto de música pola Igualdade	Maio 2021	•	Vicedirección, Departamento de Música	Concerto con adaptacións de letras elaboradas polo alumnado a cancións coñecidas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a actividade?</li> <li>• Num. Persoas (mulleres e homes)</li> <li>• Grao satisfacción por idade (1-5)</li> </ul>
	1.2.8 Obradoiros Sensibilización estereotipos	Novembro 2021	• Asociación Abrente	Vicedirección, Orientación	Obradoiro que nos fai reflexionar sobre estereotipos de xénero	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a actividade?</li> <li>• Num. Persoas (mulleres e homes)</li> <li>• Grao satisfacción por idade (1-5)</li> </ul>



EIXE ESTRATÉXICO 1	<b><i>Orientación</i></b>					
Obxectivo estratéxico	<b>Integrar o principio de igualdade entre mulleres e homes na práctica educativa, dando pasos cara unha escola coeducativa</b>					
Obxectivos operativos	Accións	Temporalización	Recursos necesarios	Responsable(s) da súa execución	Descrición	Indicador(es) de logro
<b>1.2 Traballar co alumnado na reflexión sobre os roles de xénero por medio de actividades extracurriculares</b>	1.2.9 Faladoiros con mulleres de diferentes ámbitos	Anuais (en datas cercanas ao 8 M e 11F)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Abrente</li> <li>• Asociación Seara</li> <li>• Universidade de Coruña e Santiago</li> <li>• Concello das Pontes</li> </ul>	Vicedirección Departamento s didácticos	Mulleres de todos os ámbitos, cultural, científico, emprendemento, etc, explican os pasos seguidos para chegar a onde están	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a formación?</li> <li>• Num. Persoas (mulleres e homes)</li> <li>• Grao satisfacción por idade (1-5)</li> </ul>
	1.2.10 Obradoiro sobre delitos contra a liberdade sexual.	Curso 2020-2021	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Servizos Sociais Concello</li> <li>• Estudo económico ponentes</li> </ul>	Vicedirección, Orientación	Obradoiros impartidos por empresas externas, Garda Civil, ..., para sensibilizar e formar a alumnas e alumnos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a actividade?</li> <li>• Num. Persoas (mulleres e homes)</li> <li>• Grao satisfacción por idade (1-5)</li> </ul>
	1.2.11 Obradoiro sobre cibercrimes	Curso 2021-2022	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Servizos Sociais Concello</li> <li>• Estudo económico ponentes</li> </ul>	Vicedirección, Orientación	Obradoiros impartidos por empresas externas, Garda Civil, ..., para sensibilizar e formar a alumnas e alumnos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a actividade?</li> <li>• Num. Persoas (mulleres e homes)</li> <li>• Grao satisfacción por idade (1-5)</li> </ul>
	1.2.12 Exposicións “EXPERIMENTA en feminino”	Curso 2021-2022 Curso 2022-2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Universidade de Vigo</li> </ul>	Vicedirección, Departamento de Física e Química	A Universidade de Vigo, prepara Exposicións itinerantes que poden ser solicitadas por centros educativos e que mostran a labor das mulleres dende diferentes ámbitos, como o científico, cultural, etc, ao longo da Historia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a actividade?</li> <li>• Num. Persoas (mulleres e homes)</li> <li>• Grao satisfacción por idade (1-5)</li> </ul>

EIXE ESTRATÉGICO 2	<b>Organización e Convivencia</b>					
Obxectivo estratéxico	<b>Fomentar un uso igualitarios dos espazos do centro, tanto interiores como exteriores, rompendo con dinámicas de segregación espacial por xénero</b>					
Obxectivos operativos	Accións	Temporalización	Recursos necesarios	Responsable(s) da súa execución	Descrición	Indicador(es) de logro
<b>2.1 Intervir nos espazos exteriores e interiores na procura de espazos inclusivos e que rompan a segregación por xéneros en tempo de lecer</b>	2.1.1 Revisar os espazos de lecer, tanto exteriores como interiores, dende unha perspectiva de xénero	Xaneiro 2020 – Abril 2021	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sala multidisciplinar.</li> <li>• Enquisas</li> <li>• Reunións con alumnado e profesorado</li> <li>• Fichas de observación: que fan, onde están, con quen...</li> </ul>	Dirección, profesorado de garda e voluntario	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Revisión dos espazos de lecer. Habilitación de zonas inclusivas (zonas de lectura, xogos de mesa, zonas exteriores de encontro,...).</li> <li>• Participación no deseño destas zonas de alumnado e profesorado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Num persoas participantes no deseño (profesorado/alumnado, homes/mulleres)</li> <li>• Elementos incorporados no exterior</li> <li>• Espazos interiores habilitados</li> <li>• Grao satisfacción de cada espazo e elemento por idade (1-5)</li> </ul>
	2.1.2 Proponer lecturas coeducativas no marco do Club de lectura	Ao longo de todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fondos biblioteca</li> <li>• Local biblioteca</li> <li>• Material refugallo</li> <li>• Material papelería</li> </ul>	Responsables biblioteca e Club de lectura	Ao longo de todo o curso se proponen lecturas coeducativas e relacionados coa Igualdade, ademais de promover ou colaborar con outras moitas actividades vencelladas á Igualdade de xénero que se desenvolven no centro e que están reflexadas neste mesmo documento	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Num persoas participantes homes/mulleres)</li> <li>• Núm lecturas coeducativas</li> <li>• Num actividades desenvolvidas</li> <li>• Grao satisfacción por idade (1-5)</li> </ul>

EIXE ESTRATÉGICO 2	<b>Organización e Convivencia</b>					
Obxectivo estratéxico	<b>Fomentar un uso igualitarios dos espazos do centro, tanto interiores como exteriores, rompendo con dinámicas de segregación espacial por xénero</b>					
Obxectivos operativos	Accións	Temporalización	Recursos necesarios	Responsable(s) da súa execución	Descrición	Indicador(es) de logro
<b>2.1 Romper segregación por xéneros en tempo de lecer</b>	2.1.3 Escoller xogos deportivos inclusivos	Febreiro - Xuño de cada curso escolar	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Enquisas</li> <li>• Reunións con alumnado e profesorado</li> </ul>	Vicedirección, Orientación, profe Educación Física e profesorado de garda ou voluntario	Estudo e posta en marcha de liguillas de varios deportes que non favorezan a segregación por xénero. Creación de listas de persoas interesadas, creación de grupos, organización coa colaboración da radio.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Num persoas participantes no deseño (alumnado/profesorado) homes/mulleres)</li> <li>• Num persoas participantes nos xogos homes/mulleres)</li> <li>• Num actividades desenvolvidas</li> <li>• Grao satisfacción por idade (1-5)</li> </ul>
<b>2.2 Realizar accións de fomento da igualdade por medio do desenvolvemento dun programa de radio e da proxección de películas</b>	2.2.1 Fomentar programas de radio inclusivos	Ao longo de todo o curso	Radio	Club de lectura, profesorado linguas	Planificación das sesións semanais de radio, establecendo actividades que combinen música (inclusiva), microrelatos, pensamento do día ou da semana, entrevistas tanto en IES como na casa, opinións sobre un tema entre alumnado,... Os grupos de traballo serán de 6-7 persoas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Num persoas participantes na radio homes/mulleres)</li> <li>• Num actividades desenvolvidas de cada tipo (música, entrevistas...)</li> <li>• Grao satisfacción por idade (1-5)</li> </ul>
	2.2.2 Proxeccións de cine pola Igualdade	Noite de cine: Xoves do mes de novembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Salón de actos</li> <li>• Películas</li> <li>• ANPA Ronsel</li> <li>• Profesorado voluntario</li> </ul>	Responsable Club de Lectura	Proxección de películas diversas entre as que sempre figuran algunhas que tratan temáticas de xénero no Maratón de cine do Club de lectura	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Num persoas participantes homes/mulleres)</li> </ul>

EIXE ESTRATÉXICO 2	<b>Organización e Convivencia</b>					
Obxectivo estratéxico	<b>Fomentar un uso igualitarios dos espazos do centro, tanto interiores como exteriores, rompendo con dinámicas de segregación espacial por xénero</b>					
Obxectivos operativos	Accións	Temporalización	Recursos necesarios	Responsable(s) da súa execución	Descrición	Indicador(es) de logro
<b>2.2 Realizar accións de fomento da igualdade por medio do desenvolvemento dun programa de radio e da proxección de películas</b>	2.2.3 Elaboración letras cancións en datas sinaladas (25N)	Semana do 25 de Novembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Premios participantes</li> <li>• Profesorado voluntario</li> </ul>	Vicedirección ANPA Ronsel	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Novas letras para cancións sexistas´</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizado?</li> <li>• Num persoas participantes homes/mulleres)</li> <li>• Grao satisfacción por idade (1-5)</li> </ul>
	2.2.4 Actividades en datas sinaladas (25N)	Semana do 25 de Novembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Material de refugallo</li> <li>• Material de papelería</li> </ul>	Vicedirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manifestación comunidade educativa con lecturas e simboloxía escollida polo alumnado</li> <li>• Campaña #EnNegroContraAsViolencias</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizado?</li> <li>• Num persoas participantes homes/mulleres)</li> </ul>
	2.2.5 Actividades en datas sinaladas I (8M)	Semana do 8 de Marzo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Material de refugallo</li> <li>• Material de papelería</li> <li>• Premios participantes</li> <li>• Profesorado voluntario</li> </ul>	Vicedirección Club de lectura	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Microrrelatos con temática de Igualdade de xénero</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizado?</li> <li>• Num persoas participantes homes/mulleres)</li> <li>• Grao satisfacción por idade (1-5)</li> </ul>

EIXE ESTRATÉXICO 2	<b>Organización e Convivencia</b>					
Obxectivo estratéxico	<b>Fomentar un uso igualitarios dos espazos do centro, tanto interiores como exteriores, rompendo con dinámicas de segregación espacial por xénero</b>					
Obxectivos operativos	Accións	Temporalización	Recursos necesarios	Responsable(s) da súa execución	Descrición	Indicador(es) de logro
<b>2.2 Realizar accións de fomento da igualdade por medio do desenvolvemento dun programa de radio e da proxección de películas</b>	2.2.6 Actividades en datas sinaladas (8M)	Semana do 8 de Marzo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Material de refugallo</li> <li>• Material de papelería</li> <li>• Premios participantes</li> <li>• Profesorado voluntario</li> </ul>	Vicedirección Club de lectura	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comic, fotografía, debuxos... actividades diversas segundo o ano, coa temática de xénero como eixe principal, da elaboración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizado?</li> <li>• Num persoas participantes homes/mulleres)</li> <li>• Grao satisfacción por idade (1-5)</li> </ul>
	2.2.7 Calendario 2020 (Concurso fotográfico)	Decembro de 2019	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Impresión calendarios</li> <li>• Premios participantes</li> </ul>	Vicedirección	Este ano a temática escollida para o concurso de fotografía que terá como resultado visible a impresión do calendario do vindeiro curso é... A Igualdade de xénero.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Num persoas participantes homes/mulleres)</li> </ul>
	2.2.8 Arte e pensamento no Hall	1 Panel mensual dende xaneiro 2020	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Panel</li> <li>• Material de refugallo</li> </ul>	Vicedirección, profesorado plástica, profesorado voluntario	Colocación dun panel no hall do centro que servirá de base para a creación artística comunitaria sobre unha idea. Cada persoa pode aportar con respecto a idea, obxecto, ... axeitados á temática escollida (por exemplo, ideas sobre espazos coeducativos de lecer).	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Num persoas participantes homes/mulleres)</li> <li>• Grao satisfacción por temática e idade (1-5)</li> </ul>

<b>EIXE ESTRATÉGICO 3</b>	<b>Curricular</b>					
<b>Obxectivo estratéxico</b>	<b>Fomentar a reflexión sobre os roles de xénero tradicionais no currículo</b>					
<b>Obxectivos operativos</b>	<b>Accións</b>	<b>Temporalización</b>	<b>Recursos necesarios</b>	<b>Responsable(s) da súa execución</b>	<b>Descrición</b>	<b>Indicador(es) de logro</b>
<b>3.1 Estudo roles de xénero</b>	3.1.1 Estudo dos roles de xénero tradicionais e actuais	Anuais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Material biblioteca</li> <li>• Documentais</li> <li>• Observación redes sociais</li> </ul>	Titoría e orientación	Estudo dos roles masculinos e femininos tradicionais, evolución nos últimos anos. Este estudo debería ser abordado con máis profundidade o vindeiro curso escolar, baseándonos en obradoiros para todo o alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Num persoas titoras participantes homes/mulleres)</li> </ul>
	3.1.2 MAETI	Xaneiro - Marzo 2020	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Material de refugallo e papelería</li> <li>• Paneis</li> <li>• recursos web</li> <li>• recursos ofimáticos</li> </ul>	Titor de 4ºESO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise de etiquetas inamovibles en cuestións de xénero e proposta de solucións para eliminalas co alumnado de 4º ESO.</li> <li>• Exposición dos resultados ao resto do alumnado do centro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Num persoas participantes homes/mulleres)</li> <li>• Grao participación (homes/mulleres) (1-5)</li> </ul>

EIXE ESTRATÉXICO 3	<b>Curricular</b>					
Obxectivo estratéxico	<b>Fomentar a reflexión sobre os roles de xénero tradicionais no currículo</b>					
Obxectivos operativos	Accións	Temporalización	Recursos necesarios	Responsable(s) da súa execución	Descrición	Indicador(es) de logro
<b>3.2 Fomentar a visibilización da muller en todos os ámbitos</b>	3.2.1 Visibilización da muller na historia, na literatra, nas ciencias,...	Ao longo de todo o curso	Profesorado	Profesorado e Dirección	Elaboración documento por parte de Dirección no que se faga reflexión sobre a necesidade de revisar os contidos académicos, tentando visibilizar a labor das mulleres no mundo da ciencia, arte, literatura...	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse o documento?</li> <li>• Grao satisfacción (homes/mulleres) (1-5)</li> </ul>
	3.2.2 Día internacional da muller e a nena na Ciencia	Semana do mes de febreiro (diferentes exposicións segundo o ano)	Mulleres de Ciencia Mulleres rurais Mulleres na Historia	Vicedirección e Orientación	Obradoiros coa colaboración de mulleres que desenvolven a súa carreira profesional vencelladas á Ciencia, co fin de promover que as alumnas se animen a realizar estudos técnicos, tradicionalmente escollidos polos alumnos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Num. Obradoiros realizados</li> <li>• Num persoas participantes</li> <li>• Grao satisfacción por Obradoiro (homes/mulleres) (1-5)</li> </ul>
	3.2.3 Obradoiro "Quen quere ser millonario"	18 de decembro 2019	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Deputación da Coruña</li> <li>• Solidariedade Internacional de Galicia</li> </ul>	Vicedirección e Orientación	Obradoiro/xogo "Feminismo en Nicaragua hoxe; a defensa dos dereitos humanos" Destinado a todo o alumnado de ESO.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a actividade?</li> <li>• Num persoas participantes</li> <li>• Grao satisfacción por Obradoiro (homes/mulleres) (1-5)</li> </ul>

EIXE ESTRATÉXICO 4	<b>Linguaxe inclusiva</b>					
Obxectivo estratéxico	<b>Realizar un estudo da linguaxe oral e escrita empregada no centro, co obxectivo de fomentar o uso dunha linguaxe non sexista</b>					
Obxectivos operativos	Accións	Temporalización	Recursos necesarios	Responsable(s) da súa execución	Descrición	Indicador(es) de logro
<b>4.1. Estudar o uso da linguaxe sexista e fomentar a linguaxe inclusiva na comunidade educativa</b>	4.1.1. Elaboración documento básico de boas prácticas no uso de linguaxe inclusiva	Xaneiro 2020 (Continua revisión)	Búsqueda de recursos na rede	Equipo directivo	Documento que recolla boas prácticas no uso inclusivo da linguaxe, tanto na escrita como na fala, por parte do profesorado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaborouse o documento?</li> <li>• Num persoas que o recibiron (H/M)</li> <li>• Grao utilidade (homes/mulleres) (1-5)</li> </ul>
	4.1.2. Obradoiro formativo para alumnado no uso dunha linguaxe inclusiva	Febreiro 2020	Estudo económico para a realización do taller	Vicedirección, Orientación	Taller formativo con claves para un uso inclusivo da linguaxe por parte do alumnado (ESO e Ciclos)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a actividade?</li> <li>• Num persoas participantes</li> <li>• Grao satisfacción (homes/mulleres) (1-5)</li> </ul>
	4.1.3. Estudo uso linguaxe non inclusiva na comunidade educativa	Marzo 2020	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fondos documentais biblioteca.</li> <li>• Obradoiro punto 4.2</li> <li>• enquisas</li> </ul>	Profesorado de Lingua e Lengua + Club de lectura	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoller nun documento linguaxe interiorizada non inclusiva utilizada pola comunidade educativa (IES, casa), xunto coa alternativa a esas expresións.</li> <li>• Traballos en equipo dentro das aulas, posta en común.</li> <li>• Elaboracións de paneis informativos coas conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a actividade recollida de datos?</li> <li>• Realizouse a exposición das conclusións?</li> <li>• Num persoas participantes</li> <li>• Grao satisfacción (homes/mulleres) (1-5)</li> </ul>



EIXE ESTRATÉGICO 4	<b><i>Linguaxe inclusiva</i></b>					
Obxectivo estratéxico	<b><i>Realizar un estudo da linguaxe oral e escrita empregada no centro, co obxectivo de fomentar o uso dunha linguaxe non sexista</i></b>					
Obxectivos operativos	Accións	Temporalización	Recursos necesarios	Responsable(s) da súa execución	Descrición	Indicador(es) de logro
<b>4.1. Estudar o uso da linguaxe sexista e fomentar a linguaxe inclusiva na comunidade educativa</b>	4.2.1 Revisión sinalización estancias Instituto	Setembro 2020	Material de refugallo e papelería	Profesorado Lingua Galega, Club lectura	Revisión co alumnado de 1ºESO da sinalización do IES, co fin de detectar nomes non inclusivas para poder substituílos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a revisión?</li> </ul>
	4.2.2 Sustitución sinalización IES	Abril-Maio 2021	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Material de refugallo para nova cartelería.</li> <li>• Premios concurso</li> </ul>	Profesorado plásticae Club de lectura	Concurso deseño nova cartelería para todas as estancias do IES, contando coas aportacións de todo o alumnado interesado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse o deseño?</li> <li>• Realizouse a substitución de carteis?</li> </ul>
	4.2.3 Elección temática nomes aulas	Abril-Maio 2022	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Horas de titoría</li> </ul>	Profesorado titor	Elección por parte de todo o alumnado, dunha temática sobre a que traballar o nome das aulas de cara ao novo curso escolar. Para iso, o alumnado de 4º ESO propón 4 temáticas que serán avaliadas por cada grupo aula, co fin de realizar unha votación final que determine a temática a desenvolver o vindeiro curso.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a elección?</li> <li>• Aulas participantes</li> </ul>
	4.2.4 Elección nome de aulas	Xuño 2022	Material de refugallo para nova cartelería.	Solicitarase colaboración do profesorado máis afín á temática escollida.	O alumnado escollerá o nome para a súa aula a partir da temática escollida en Xuño e tendo en conta o aprendido en canto a roles de xénero.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a elección?</li> <li>• Aulas participantes</li> </ul>

EIXE ESTRATÉXICO 5	<b>Metodoloxía</b>					
Obxectivo estratéxico	<b>Fomentar o traballo en grupo como medio para conseguir a consecución de obxectivos que teñan en conta todas as sensibilidades</b>					
Obxectivos operativos	Accións	Temporalización	Recursos necesarios	Responsable(s) da súa execución	Descrición	Indicador(es) de logro
<b>5.1 Poñer en marcha un Blog Igualdade que reflecta todas as actividades concretas, reflexión, conclusións,...en relación á igualdade de xénero</b>	5.1.1 Creación e mantemento Blog Igualdade	Xaneiro-Xuño 2020	Profesorado e alumnado voluntario	Vicedirección e Dpto. Informática	Creación dun blog de acceso dende web do centro onde reflectir todas as accións desenvolvidas en relación coa promoción da Igualdade de xénero	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a blog?</li> <li>• Está actualizado?</li> <li>• Grao utilidade para homes e mulleres (1-5)</li> </ul>
	5.1.2 Deseño logotipo Igualdade	Xaneiro-Febreiro 2020	Material papelería	Club lectura Vicedirección	Deseño dun logotipo identificativo do Plan de Igualdade no noso centro. Concurso alumnado-profesorado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse a elección do logotipo?</li> <li>• Num. persoas participantes no deseño (homes/mulleres)?</li> </ul>
<b>5.2 Realizar una análise do mundo feminino en clave de xénero</b>	5.2.1 G2G / M2M	Abril - Xuño 2020	Material de papelería, recursos web	Titor 4ºESO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Introspección na interacción entre mulleres, co fin de descubrir e corrixir as perspectivas erróneas interiorizadas en clave de xénero</li> <li>• Traballarase co alumnado de 4ºESO e expoñerase ao resto de alumnado do centro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse estudio?</li> <li>• Realizouse a exposición de conclusións?</li> <li>• Grao utilidade para homes e mulleres (1-5)</li> </ul>

EIXE ESTRATÉGICO 5	<i>Metodoloxía</i>					
Obxectivo estratéxico	<i>Fomentar o traballo en grupo como medio para conseguir a consecución de obxectivos que teñan en conta todas as sensibilidades</i>					
Obxectivos operativos	Accións	Temporalización	Recursos necesarios	Responsable(s) da súa execución	Descrición	Indicador(es) de logro
<b>5.2 Realizar una análise do mundo feminino en clave de xénero</b>	5.2.2 FREEGIRL /MOZACEIBE	Outubro - Decembro 2022	Material de papelería, recursos web	Titor 4ºESO	Tics e control da muller, Redes sociais, mensaxería, lista de contactos..., Supervisión controladora do home, Cada vez máis TIC'S, cada vez máis control. Traballo a desenvolver co alumnado de 4ºESO e exposición ao resto de alumnado do centro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse estudo?</li> <li>• Realizouse a exposición de conclusións?</li> <li>• Grao utilidade para homes e mulleres (1- 5)</li> </ul>
<b>5.3 Potenciar a Intervención sociocomunitaria do alumnado para fomentar a empatía e axudar na resolución de conflitos</b>	5.3.1 Participación alumnado en labores de voluntariado	maio - Decembro 2022	Servizos sociais Concello das Pontes	Orientación	En colaboración con Servizos Sociais e empresas da contorna, estase a preparar un entorno de traballo para alumnado voluntario.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Num persoas voluntarias (homes/mulleres)?</li> <li>• Grao satisfacción homes e mulleres participantes(1-5)</li> </ul>
	5.3.2 Formación grupo de Mediación en conflitos alumnado	Xaneiro-Marzo 2022	CEFORE	Orientación	Formación de profesorado para a preparación dun grupo de alumnado mediador en conflitos que xurdan no día a día do centro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizouse o curso de formación?</li> <li>• Num. Persoas participantes por idade (homes/mulleres)?</li> <li>• Grao utilidade para homes e mulleres do grupo de traballo(1-5)</li> <li>• Grao utilidade para homes e mulleres externos ao grupo de traballo (1-5)</li> </ul>

## 6. Seguimento e avaliación.

Para a valoración da correcta aplicación do Plan, propoñemos os indicadores que atopamos na táboa do punto 5. Estes serán avaliados na memoria final de curso. En función dos resultados acadados, estableceremos as correspondentes propostas de mellora.

### Indicadores:

INDICADOR DE LOGRO	ACADADO	NON ACADADO